# **DECLARACIÓNS INFORMATIVAS**

As declaracións informativas refírense á información de trascendencia tributaria que toda persoa física ou xuridica, pública ou privada, está obrigada a proporcionar á Axencia Tributaria deducida das relacións económicas financeiras e profesionais con outras persoas.

Esta información debe presentarse sen necesidade de que haxa un requirimento previo por parte da Administración Tributaria.

Podemos consultar a relación de informativas no seguinte enlace de internet:

https://www.agenciatributaria.gob.es/AEAT.sede/Inicio/Procedimientos\_y\_Servicios/Impuestos\_y\_T asas/Declaraciones\_Informativas/Declaraciones\_Informativas.shtml

No noso caso imos estudar os seguintes modelos de declaracións informativas:

- Modelo 347: Declaración anual de operacións con terceiras persoas.
   O prazo de presentación pare este modelo é durante o mes de febreiro.
- <u>Modelo 190</u>: Retencións e ingresos a conta. Rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de rentas. Resumen anual.

A Axencia Tributaria permite descargar unha aplicación informática para xestionar os distintos modelos de informativas. Vémola nos seguintes apartados.

### DESCARGA DA APLICACIÓN


1. Entramos na páxina web da Axencia Tributaria (<u>www.aeat.es</u>) e accedemos a **Descarga** de programas de ayuda:




2. Marcamos a versión:




3. Descargamos e instalamos a aplicación:





4. Unha vez instalada e configurada, executámola. Por ser esta unha aplicación para a confección de diferentes modelos informativos, temos que incorporarllos según precisemos. Para facelo, ao entrar na aplicación e dentro do menú *Archivo* escollemos a opción *Agregar nuevo modelo – Agregar nuevo modelo desde Internet*:




5. Aparece unha lista de modelos e tamén os anos aos que se refire. No noso caso, e polo de agora, agregamos os modelos 190 e 347 do ano 2013. É posible que haxa varias versións pero sempre nos quedamos coa última:








6. Comezamos agora a facer unha declaración. Para iso, accedemos a **Archivo – Abrir modelo**:




#### **MODELO 347**


 Despois de escoller a opción anterior, seleccionamos un tipo e de xeito automático créase unha nova declaración do modelo que desexemos. Aparecerá unha ventá cos modelos dispoñibles e seleccionamos o que nos interesa. Imos comezar co 347 polo que seleccionámolo para o exercicio 2013:




2. Neste modelo, o declarante (o centro) ten a obriga de declarar os provedores que facturaron durante o ano un importe superior a 3.005,06 euros. Teremos que indicar neste caso o importe facturado por trimestres:




3. Comezamos introducindo os datos do declarante. Vemos que temos unha pestana para os declarados:




Nesa pestana entramos na pantalla para cada un dos declarados, marcamos os datos, o importe de cada trimestre e tamén a clave da actividade:




Podemos ver a información de cada clave:



4. Unha vez establecidos os datos do declarante e de todos os declarados, podemos obter a declaración, validando antes que non existen erros. Para iso, prememos na seguinte casilla:



Podemos obter un resumo coa intención de facer un repaso dos totais da declaración:



E veremos, polo tanto, o seguinte:




# CONSULTAS. MODELO BORRADOR DA DECLARACIÓN

A aplicación permite facer consultas nas declaracións cunha serie de filtros e co fin de poder visualizar a información desexada nun determinado momento. Outra utilidade das consultas é a de obter unha declaración borrador antes de xerala. Non ten validez pero serve a modo de consulta.


1. As consultas facémolas no menú *Utilidades - Consultas*.




2. Se indicamos o NIF, obtemos a declaración completa dese declarante:




3. Seguindo os pasos que indica o asistente, atopamos a lista de declarantes:




O asistente lévanos a xerar un pdf que podemos gardar, imprimir ou visualizar:








Tamén podemos gardar un ficheiro CSV (fichero con valores separdos por comas) para poder empregalo con outros usos:




## XERACIÓN DA DECLARACIÓN E PRESENTACIÓN


Unha vez inseridos os datos, imos presentar a declaración. No momento de realizar este curso (xullo de 2014) non podemos facer un exemplo real xa que non estamos en prazo. Polo tanto, a modo de exemplo, imos seguir os pasos pero desactivando a casilla de presentación inmediata polo que xerará un ficheiro para o seu posterior envío.

1. Accedemos ao menú Utilidades - Presentar declaración...:




Vai aparecendo un asistente para a creación da declaración e a presentación da mesma:






Neste caso, só permite a presentación telemática polo tipo de organismo que somos.



Segundo vemos na imaxe anterior, desactivamos a presentación inmediata e deste xeito podemos obter unha declaración sen facer o envío directo:



## COMO IMPORTAR OS DATOS DA DECLARACIÓN DO ANO ANTERIOR

É probable que os datos dos declarados sexan comúns, agás os importes trimestrais. Para non ter que escribilos de novo, existe a posibilidade de importación do modelo do ano anterior, adaptándose ao ano que corresponde. Só se importan os datos comúns, non as cantidades.


1. A importación faise no menú *Utilidades – Importar*. Despois, escollemos *Importar* registros de la base de datos del año anterior:






Por defecto, vai procurar o ficheiro a importar no directorio onde almacena o modelo do ano anterior. Como se aprecia na imaxe anterior, só é posible con datos do exercicio anterior.


2. Ao seguir co asistente de importación, van aparecendo os datos que vai importando. Podemos nós marcar se non queremos algún deles:



Se todo foi correcto, ao final do proceso de importación aparece a mensaxe de que a importación fíxose ben e sen erros:




Vemos, pois, un modelo do ano en curso pero sen datos:




#### **MODELO 190**

No primeiro mes de cada ano temos que facer a declaración informativa 190. Nesta declaración presentamos a relación nominal das persoas ás que se lles aplicou unha retención de IRPF durante o ano anteiror. Temos que comprobar que o importe total desta declaración coincide co declarado no conxunto dos modelos 111 presentados e que tamén coindice o número de persoas. Se facemos un pago a unha mesma persoa en trimestres diferentes no modelo 111, indícase aquí unha soa vez co total:




1. Abrimos a declaración do modelo 190 e poñemos os datos:




2. Imos creando os perceptores:




#### 3. Introducimos os datos:




4. Esta é a táboa de claves e subclaves. Por una banda temos as claves:



E aquí aparecen as subclaves:




5. Premendo encima do declarante, vemos a lista de perceptores e podemos obter os xustificantes das retencións aplicadas a cada un deles, ou ben seleccionar a algún en concreto. Para iso, seleccionámolo e premendo co botón dereito veremos un menú que nos proporciona esa posibilidade:




6. Lánzase un asistente para a xeración do documento:



7. Continuando co asistente, vemos os datos persoais e tamén a posibilidade de poñer unha data e unha sinatura:



8. Da a opción tamén de elixir idioma, o lugar onde gardar o documento e incluso o visor que queremos empregar para visualizalo:



#### Este sería un modelo de certificado:

Certificado de retencións e ingresos á conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas				
Rendementos de actividades económicas  Datos correspondentes ao exercicio 2013				
Datos do perceptor				
N.I.F. Apelidos e nome ou den	ominación			
SASSASSU MARTINEZ CANZOBRE BEATRIZ				
- Data da assassassidada assadas				
Datos da persoa ou entidade pagadora  N.I.F. Apelidos e nome denom	, , .,			
N.I.F. Apelidos e nome, denominación ou razón social  Q8555702G C.I.F.P. RODOLFO UCHA PIÑEIRO				
8.1.1.110001.0001.1	THENC		,	
Detalle das percepcións e das retencións e inc	gresos á conta			
Rendementos de actividades profesionais				
Contraprestacións difieirarias		Importe íntegro satisfeito 472.50	Retencións practicadas 99.22	
Contraprestacions unerarias	Valoración	Ingresos á conta efectuados	Ingresos á conta repercutidos	
Contraprestacións en especie				
Rendementos de actividades agrícolas ou gandeiras	5	Importe integro satisfeito	Retencións practicadas	
Contraprestacións diñeirarias				
Contraprestacións en especie	Valoración	Ingresos á conta efectuados	Ingresos á conta repercutidos	
Rendementos de actividades forestais				
		Importe íntegro satisfeito	Retencións practicadas	
Contraprestacións diñeirarias	Valoración	Ingresos á conta efectuados	Ingresos á conta repercutidos	
Contraprestacións en especie				
Rendementos das actividades empresariais en estim	ación obxectiva prevista	as no art.º 95.6 do Regulamento do	IRPF	
		Importe integro satisfeito	Retencións practicadas	
Contraprestacións diñeirarias				
	Valoración	Ingresos á conta efectuados	Ingresos á conta repercutidos	
Contraprestacións en especie				
Rendementos a que se refire o artigo 75.2.b) do Regu	ulamento do IRPF, que d	eban cualificarse como rendemento	os de actividades	
economicas		Importe integro satisfeito	Retencións practicadas	
Contraprestacións diñeirarias				
Contraprestacións en especie	Valoración	Ingresos á conta efectuados	Ingresos á conta repercutidos	
Consultes accords en especie				
Data e sinatura				
	conto do disposto po Rogular	santa da Importo cabro a Banda das Barras	r Eirian avaidara a rescanta	
Para que conste e sirva de xustificante ao interesado, en cumprin	ie iiu do disposto no Regulan	ento do imposto sobre a rtenta das Perso.	as i isicats, expluese a presente.	
FERROL .	2 de julio	de	2014	
Sinatura e selo da empresa ou entidade pagadora				
		A presente certificación deberá ser a	asinada polo retedor, o	
Asdo.: D./D²FERNANDO LOPEZ UCEIRA			seu apoderado ou o seu representante.	

Igual que no modelo 347 podemos facer unha importación do exercicio anterior (teriamos os datos comúns pero non as cantidades).